



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

BASES REGULADORAS PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBÁN 2019 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE BAIONA.

Primeira.- Fundamentación.

A Concellería de Cultura do Concello de Baiona organiza esta actividade para ofrecer a posibilidade de que os nenos e nenas empreguen o seu tempo libre estival participando en actividades de forma organizada e planificada, a través de actividades de calidade, promovendo a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, coñecendo os espazos públicos municipais, e fomentando a convivencia entre a mocidade natural de Baiona, a mocidade que ten no noso concello a súa segunda residencia, ou os que veranean de xeito habitual na nosa vila.

Segunda.- Datos da actividade:

Establécense dúas quendas:

1º Quenda: do 15 ao 31 de xullo. (Agás o festivo 25 de xullo)

2º Quenda: do 1 ao 16 de agosto. (Agás o festivo 15 de agosto)

Horario: de luns a venres de 10.30 a 13.30 h.

Número de prazas: 30 prazas por quenda.

Cada participante optará a unha única quenda, agás no caso de que queden prazas baleiras.

Terceira.- Programa de actividades :

Durante o campamento desenvolverase un programa de actividades de lecer e tempo libre. Haberá distintas clases de xogos; de presentación, cooperativos, de integración ect, visitas a distintos monumentos, museos, prazas e praias da vila; visitarán a Carabela Pinta, a Casa da Navegación, a Virxe da Rocha, o Parador de Turismo Conde de Gondomar, a estatua de Martín Alonso Pinzón, o Encontro entre dous mundos, o porto, realizarán un tramo do camiño portugués pola costa, unha recollida de residuos na praia, e unha festa temática cada fin de quenda. A recepción dos participantes sempre terá lugar na praza do concello.

Cuarto.- Requisitos dos/das participantes: Ter entre 5 e 11 anos. Os participantes deberán ter a idade requirida antes do 1º día do comezo da quenda asignada.

Quinta.- Prezo: Gratuíto.

Sexta.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

A solicitude pode ser individual ou múltiple.

A)Solicitude individual: A persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación individual deben utilizar o formulario de solicitude individual.

B)Solicitude múltiple: As persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación múltiple (no caso de irmáns), deben utilizar o formulario de solicitude múltiple.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

As persoas interesadas deberán recoller o formulario de solicitude correspondente na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do 3 ao 20 de xuño, e entregalo no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello de Baiona (baiona.sedelectronica.gal), xunto coa copia do DNI ou libro de familia e a copia da tarxeta sanitaria do menor.

Poderán admitirse solicitudes de participación fora de prazo, sempre que existan prazas vadeiras.

Sétima.- Adxudicación de prazas:

A adxudicación de prazas realizarase mediante sorteo público, que terá lugar o 28 de xuño de 2019 no Salón de Plenos do Concello ás 13:30 h.

Con anterioridade ao sorteo, publicarase a lista de admitidos ou excluídos na web do concello (www.baiona.org).

Oitaba.- Lista de agarda:

Os nenos e nenas que non dispoñan de praza, pasarán a formar parte da lista de agarda, coa finalidade de cubrir as baixas que se poidan producir.

Máis información na OMIX, no teléfono 986385921, ou en xuventude@baiona.org